

Tres imaxes de Galicia

Ramón Piñeiro

Formas de citación recomendadas

1 | Por referencia a esta publicación electrónica*

PIÑEIRO, RAMÓN (2011 [1954]). “Tres imaxes de Galicia”. *Alborada. Órgano del Centro Gallego de Barcelona*: 1954, 16. Reedición en *poesiagalega.org*. *Arquivo de poéticas contemporáneas na cultura*. <<http://www.poesiagalega.org/arquivo/ficha/f/752>>.

2 | Por referencia á publicación orixinal

PIÑEIRO, RAMÓN (1954). “Tres imaxes de Galicia”. *Alborada. Órgano del Centro Gallego de Barcelona*: 1954, 16.

* Edición dispoñíbel desde o 20 de maio de 2011 a partir dalgunha das tres vías seguintes: 1) arquivo facilitado polo autor/a ou editor/a, 2) documento existente en repositorios institucionais de acceso público, 3) copia dixitalizada polo equipo de *poesiagalega.org* coas autorizacións pertinentes cando así o demanda a lexislación sobre dereitos de autor. En relación coa primeira alternativa, podería haber diferenzas, xurdidas xa durante o proceso de edición orixinal, entre este texto en pdf e o realmente publicado no seu día. O GAAP e o equipo do proxecto agradecen a colaboración de autores e editores.

TRES IMAXES DE GALICIA

por RAMÓN PIÑEIRO

A vida espiritoal dos pobos acada forma espresiva nas creacións da súa cultura. Refréxase nas obras das grandes figuras creadoras e tamén na orientación das preferencias colectivas, que aítúa como busola ultrasensíbel diante dos valores xenunamente autóctonos. Cada gran escritor ou gran artista, ilumina coa súa obra unha zona da realidade común de que todos participan, inda que pra moitos seña unha participación puramente inconsciente. O escritor ou o artista teñen o poder singular de lle dar presenza ouxetiva e consciente ó que permanecía escuro e fuxidío no mundo interior de cada ún. Convirten a tépeda, latexante e informe néboa do inconsciente en crara e radiante ouxetividade intuible.

Pra conocer a fisonomía espiritoal de un pobo calquera, ningún camiño millor que o das súas propias creacións culturais, que veñen a ser como as "formas" ou "figuras" intuibles que reflexan ouxetivamente o íntimo decorrer da súa vida espiritoal oculta e profunda.

O desenrolo da cultura galega tamén vai marcando isa mesma trascendencia comunicativa do noso ser espiritoal. Pódense percibir amplias e sutilísimas zonas da nosa intimidade reflexadas na obra dos poetas, dos escritores, dos artistas, pois gran parte dista obra está feita con sustanza "entranábel" de todos nós. Por algo o pobo se apropia, fai súa a obra dos grandes creadores, como algo que lle pertence de maneira natural. Entre os que chegaron a plasmar unha imaxe total de Galicia, imos agora a escoller sómentes tres: Rosalía, Valle-Inclán e Otero Pedrayo.

ROSALÍA. - Hai, de certo, unha imaxe rosaliá de Galicia, unha Galicia rosaliá. E aínda pode decirse que é a imaxe máis universalizada. Rosalía, dotada de unha sutil e fonda sensibilidade pra percibir a door, asumiu en si mesma toda a door do seu pobo. Ademais da súa propia door persoal e de outras moitas cousas, soupo espresar con sinceridade impresioante a door do seu pobo. Todo o calado sofermento da comunidade social galega do seu tempo, fíxese voz pura e nóbte en Rosalía. De cantas realidades percibía na súa terra e reflexaba, nos seus versos — paisaxes, costumes, tipos populares, lembranzas, etc. —, nada chegaba tan ó fondo, á raíz mesma do seu ser persoal como a door do pobo. Tiña unha fonda e aguda sensibilidade social, unha íntima espontánea simpatía pra os que soffen. Levaba dentro do seu corazón a imaxe de unha Galicia doente, de unha Galicia magoada como pobo, como comunidade social, en rudo contraste coa leda e fermosa imaxe de Galicia como país, como paisaxe.

No fondo, a mesma imaxe de Rosalía reproducíase noutros grandes corazóns galegos. Por exemplo en Curros, en Castelao...

Curros percibía crara e vivamente a door do seu pobo. Tamén sentía, como Rosalía, simpatía pol-ós que soffen, e aínda se podería decir que a sentía máis unilateralmente. Diferéncianse nisto: mentres Rosalía limitábase a espresar isa door — incluso nas protestas — con toda a inmensa fondura do seu espírito, Curros trata máis beñ de "combatir" as causas da door. O feito común do sofermento colectivo de Galicia está interpretado en Curros ideolóxicamente.

Castelao, en cambio, achégase moito á imaxe rosaliá, incluso na interpretación, que

no esencial carece de matización ideolóxica. Diferénciase, con todo, na aitude, pois si a door do pobo faise en Rosalía máis aguda, máis sñonda, máis consentemente intensa, en Castelao revístese do pudor varonil do humorismo.

Rosalía, Curros, Castelao, representan tres versións de unha mesma imaxe fundamental de Galicia: un pobo que sofre nun país-fermoso.

VALLE-INCLÁN. - Valle-Inclán ofrece outra imaxe de Galicia. Unha imaxe moi distinta da rosaliá, pois D. Ramón non percúta a verdade moral do seu pobo nin — na súa obra — trata de se identificar co-ila. Danos unha imaxe esencialmente estética, que non xurde da sensibilidade social do autor senón das eisixencias artísticas da súa imaxinación. Os seus elementos están tomados da realidade galega e con fina sensibilidade galega interpretados. Todos — fidalgos, tullidos, cegos, tolos, vellas, criados, saludadoras, pastores, etc. — están utilizados con absoluta neutralidade moral e sin outro valor que o da súa siñificación estética, levada, iso sí, a un refinamento estremo. Un gran caudal de esencias galegas — lendas, tradicións, mitos, supersticións — do máis puro celme popular son reducidas a unidade artística superior, integradas por unha requintada sensibilidade estética persoal. Todo iste material lexendario e popular de Galicia cobra un especial realce ó se contrastar co temperamento rexamente individual de Valle-Inclán, que o utiliza, compre reconocelo, con un vago respecto nostálxico, pro sin máis lei unitiva que a do seu efecto estético. Con elementos reais da tradición galega chega a configurar unha Galicia irreal, unha Galicia de pura fisonomía artística, unha Galicia imaxinada, unha Galicia valleinclanesca. Consiste na contemplación, na interpretación puramente estética da nosa realidade tradicional transformándoa en mera realidade artística. Sempre que tal cousa se queira facer, atopáremonos con formas evocadoras do valleinclanismo literario, aínda nos casos en que tal antecedente non aítue como influxo.

OTERO PEDRAYO. - Unha terceira imaxe de Galicia xurde da identificación fundamental co país, co-a paisaxe. Eiqui Galicia amóstrase como unha maravillosa unidade anímica, filla da fusión do home co-a terra. Galicia é Paisaxe. Pro a Paisaxe é moito máis que espectáculo visual: é sobre todo, unha dinámica espiritoal, é a identificación do home e mail-a terra, a animación, a humanización da terra como país.

Ninguén coma Otero Pedrayo soupo percibir e formular ista imaxe de Galicia, imaxe que ven do máis profundo do noso ser, pois espresa unha vivencia radical do home galego: o sentimento de identificación co-a terra. Galicia, así, convírtese nunha inmensa realidade sensitiva, nunha realidade humanizada, plena de suxerencias máxicas, decote comunicativa... Convírtese nunha realidade dotada de dinamismo espiritoal.

Mentres en Rosalía ou en Castelao hai un contraste implícito entre o sofermento do pobo e mail-a fermosura da terra, i-en Valle-Inclán pobo e país, homes e terra, están asimilados nunha pura neutralidade estética, en Otero Pedrayo aparece a plena identificación do home co-a terra na realidade común da Paisaxe.

